



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONOMICA DA S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO RELATIVO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN COMUNICADORES DO CAMIÑO DE SANTIAGO

1.- Constitúe o obxecto da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, entre outras as seguintes actividades

- As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
- A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeá, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo considera esencial e imprescindible o labor das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en orde a potenciar os Camiños de Santiago, así como a axuda aos peregrinos, os programas de voluntariado, a promoción da cultura xacobeá e todo aquilo que redunde en beneficio do Camiño e dos peregrinos.

Neste sentido a Asociación Comunicadores do Camiño de Santiago ten no seu obxecto social como principais fins :

- Coordinar o traballo dos profesionais de todo tipo que desempeñen a súa función nos medios de comunicación e que amosan unha sensibilidade especial polo Camiño de Santiago.
- Colaborar con outras entidades semellantes de outras comunidades autónomas e sen excluír de outros países, sempre e cando teñan o Camiño de Santiago como o seu eixe de actuación.
- Impartir conferencias sobre o Camiño de Santiago
- Promover todo tipo de publicacións sobre o Camiño de Santiago.

Ao longo dos anos 2012, 2013, 2014 e 2015, a Asociación de Comunicadores do Camiño de Santiago ten promovido un programa en universidades finlandesas, danesas, inglesas, galesas e escocesas para a divulgación do Camiño de Santiago en xeral e do fenómeno xacobeo, así como para establecer lazos comúns de traballo de cara o futuro. É dicir, non interesaba só a difusión en si senón tamén crear grupos de traballo estables que cumprisen unha dobre función:

- Xerar un interese xenérico polos Camiños de Santiago, animando aos participantes a percorrelos e coñecer Compostela e a súa historia.
- Xerar coñecemento das orixes e o desenvolvemento dos Camiños, especialmente en países afastados e con reducida presenza de peregrinos.

Froito deses encontros co profesorado, co alumnado e máis con representantes da Igrexa –tanto católica como protestante- e dos municipios participantes nestes grupos de traballo foi a apertura dunha liña de investigación arredor do Camiño Inglés, que se concreta en tres puntos principais:

- Comezo da investigación e produción científica sobre o Camiño Inglés e as peregrinacións, patente sobre todo nas universidades británicas de



Lancaster (recente investigación sobre Juan de Gante que marca un antes e un despois na pescuda sobre a vida dese duque, e o seu percorrido entre A Coruña e Santiago) e Durham (cómpre sinalar que é a terceira en prestixio e resultados do país, tras Oxford e Cambridge).

- Envío de 23 estudantes da universidade de Leicester (alumnos de Lengua y Cultura Españolas) a Santiago de Compostela aos cursos de verán que organiza a Universidade e o acordo de completarlles a súa formación cunha visita especializada á Catedral, unha visita á Coruña peregrina (porto do Parrote, igrexa de Santiago, rúa de Riego de Agua, alto de Eirís, igrexa de Santiago do Burgo, ponte reconstruída do Burgo e colexiata de Cambre) e percorrido polo Camiño Inglés ao seu paso polo concello de Oroso.
- Organización dunha peregrinación en Inglaterra, desde a abadía de Finchale ata Durham, 500 anos despois de que tivese lugar a última. Esta abadía era o lugar de comezo do Camiño Inglés, un lugar de chegada de todos os peregrinos do norte de Europa que logo baixaban aos portos do sur rumbo a A Coruña e Ferrol, de aí o gran valor simbólico de recuperar esta peregrinación.

A Asociación de Comunicadores asume organizar na cidade de Durham a primeira peregrinación da era actual. Para iso, ademais de percorrer o Camiño Inglés e inspeccionar a traza proposta polas autoridades británicas, a Asociación ten previsto entrevistas con todos os estamentos implicados para implicalos na actividade:

- Universidade de Durham: que designou á profesora Penelope Johnson como representante para este proxecto.
- Municipio de Durham: Xa no ano 2015 houbo unha primeira entrevista entre o enviado da Asociación de Comunicadores do Camiño de Santiago e máis o alcalde de entón e o concelleiro responsable de Internacionalización, Brian Stoming, que é o responsable último da organización da peregrinación. As entrevistas serán coa alcaldesa e co propio Brian Stoming.
- Igrexa anglicana: Coa que existe un acordo polo cal enviarán varios representantes á peregrinación, que será recibida na catedral ao remate.
- Medios de comunicación: Para os últimos dous días están previstos por Brian Stoming outros tantos encontros con representantes de medios de comunicación locais e do condado para presentar a peregrinación.

A segunda fase deste proxecto a realizar pola Asociación está prevista para o mes de xuño e consiste na realización da peregrinación entre a Abadía de Finchale e Durham, estando invitados representantes das universidades de Lancaster, Leicester e Southamton (o principal porto de embarque de peregrinos para o Camiño Inglés nos séculos XIV e XV).

O obxectivo é potenciar unha ruta, o Camiño Inglés que non nace na Coruña e Ferrol, senón na Gran Bretaña, onde estaban e están os portos de embarque de peregrinos, dende esta ruta de peregrinación histórica e contribuír, na medida do posible, á recuperación das peregrinacións marítimas que tiveron tanta importancia nos séculos XV e XVI.



Esta Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo considera que as actividades expostas son do seu interese pois á promoción e potenciación do Camiño Inglés é un dos obxectivos que o Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021 establece coa pretensión de incentivar a recuperación das peregrinacións marítimas a Galicia.

Por todo o descrito, as referidas actuacións que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia deste Convenio, encaixan no marco das relacións coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago que ten encomendadas esta Sociedade Anónima, non sendo posible promover a concorrência pública, dada a especificidade do programa e a natureza da Asociación.

Ademais este convenio cumpre cos criterios obxectivos de selección sinalados no Plan Estratéxico, en concreto:

a/ criterios xerais

- É un proxecto tecnicamente completo, pois a documentación que se achega xustifica suficientemente a súa formulación.
- O proxecto é viable, tanto en termos de execución económica como social.
- Realízase a difusión e promoción do Camiño de Santiago
- Na medida do posible contempla a difusión dos resultados acadados ante a opinión pública, contribuíndo deste xeito ao labor de sensibilización ao redor do Camiño de Santiago.
- A Asociación conta cunha ampla experiencia que garante a súa capacidade técnica, organizativa e de xestión para levar a cabo o proxecto a realizar.
- O apoio a esta Asociación redonda de maneira efectiva na difusión do Camiño de Santiago e da cultura xacobeá, recuperando unha peregrinación histórica en Gran Bretaña.

b/ criterios específicos:

- A Asociación de Comunicadores do Camiño de Santiago está integrada por profesionais do xornalismo que realizan unha importante labor de difusión e promoción do Camiño, a peregrinación e a cultura xacobeá.
- A condición de xornalistas dos integrantes desta Asociación de Comunicadores posibilita que estes profesionais desenvolvan un labor continuo de divulgación do fenómeno da peregrinación nos seus cometidos profesionais.
- A Asociación leva xa unha traxectoria de cinco anos, con o presente, de traballo especialmente no ámbito universitario de varios países europeos impulsando a creación de grupos de traballo que promovan a investigación sobre a peregrinación xacobeá naqueles ámbitos territoriais, especialmente no Reino Unido .
- A realización desta acción de recuperación da peregrinación entre a abadía de Finchale e Durham incide nun país como é Gran Bretaña que pese as súa



potencialidades e a proximidade a Galicia só representa o 2,06% dos peregrinos. A realización desta actividade pretende contribuír a incrementar esta presenza de peregrinos británicos no Camiño de Santiago, especialmente nas súas rutas marítimas.

O orzamento da actividade a financiar ao abeiro do presente convenio é o seguinte:

Desprazamentos en avión a Gran Bretaña (dúas viaxes, total 11 días) e no interior, indo dende Londres en dúas ocasións a Durham. Inclúe desprazamentos ao e desde o aeroporto galego.	2.000,00
Hoteis	1.800,00
Manutención	1.300,00
Impresión de material	500,00
Gastos derivados dos contactos a manter nesas universidades e cidades, entrevistas	400,00
Gastos varios, incluíndo tarifas de aparcadoiros, posibles taxis, peaxes, teléfono, copias de informes a entregar, etc	500,00
Honorarios por conferencias, redacción de informe para las universidades e concellos, tradución, asistencia a actos concertados coas universidades e concellos	2.000,00
Total	8.500,00

O custo total da actividade obxecto do convenio ascende a 8.500 euros, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo aportará a cantidade de 6.000 euros e a Asociación asume os restantes 2.500 euros.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo procederá ao pagamento dos gastos correspondentes, unha vez que a Asociación presente a documentación xustificativa. Ditos gastos rexistraranse na conta 627 do P.G.C, e o devandido crédito financiaranse con cargo aos orzamentos aprobados desta S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para o ano 2016, recollido na partida orzamentaria correspondente ás subvencións á explotación (Capítulo IV) con número de aplicación: 201604A2761A441.11. Se o importe dos gastos xustificadas fora inferior ao importe do orzamento total previsto para a realización das actividades que constitúen o obxecto do convenio, e que se recolle nesta memoria económica, as achegas das partes convenientes reduciranse proporcionalmente. A achega so cubrirá o custe para o desenvolvemento das actividades sen que a Asociación poida obter beneficio algún polo mesmo.

A través deste convenio de colaboración establécese unha achega monetaria sen contraprestación da S.A de Xestión do Plan Xacobeo, o que se axusta á figura xurídica privada da doazón modal e que debe suxeitar aos principios de xestión contidos no artigo 5.2 e aos de información a que fai referencia o artigo 16, ao abeiro do disposto no artigo 3.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



**XUNTA
DE GALICIA**



S.A. de Xestión do Plan Xacobeo
Estrada Santiago-Noia, km 3
A Barcia, 15897, Santiago de Compostela

Así mesmo, e como quedou exposto máis arriba, a subscripción deste convenio e a achega que con él se obriga a realizar a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo garda relación directa co obxecto da actividade contido nos seus estatutos.

En Santiago a 10 de outubro de 2016

Rafael Sánchez Bargiela
Director-Xerente